

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN  
DA LINGUA GALEGA

CEIP MESTRE VALVERDE MAYO

CURSO 2022-2023

## ÍNDICE

- Análise do contexto. ....	3
<b>A.-</b> As linguas que se deben empregar nas áreas de coñecemento distintas das sinaladas nos artigos 7º e 12º do Decreto de Plurilingüismo.....	4
<b>B.-</b> Criterios para determinar a lingua predominante da contorna. ....	6
<b>C.-</b> Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar educativo .....	14.
<b>D.-</b> Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.....	17

## ANÁLISE DO CONTEXTO

O noso Centro atópase situado no barrio do Monte, na Parroquia de Sanguñeda, no concello de Mos, próximo á estrada que une Vigo con Ourense, entre as localidades de O Porriño e Vigo.

A zona pódese considerar semi-urbana ou semi-rural. Posúe un carácter rural, xa que o concello de Mos, non conta cun núcleo urbano, estando constituído por parroquias e barrios bastante diseminados e extensos. Aínda así, tamén podemos falar dun certo carácter urbano, debido á proximidade da vila próxima, O Porriño. Ademais, a cidade de Vigo, tamén exerce unha notable influencia, para os habitantes de Mos.

Este feito, inflúe de forma decisiva no bilingüismo existente na zona, sendo predominante o emprego do castelán con respecto ao emprego do galego.

Este bilingüismo, presenta ademais características diglósicas, xa que se opta por unha lingua ou pola outra en función da situación. Esta situación diglósica, é transmitida directamente ao alumnado, desfavorecendo o emprego e fomento da lingua galega

O noso centro é unha escola pública galega que se define como aconfesional, e que ten como principais obxectivos, acadar a educación integral do alumnado en tódalas súas dimensións: intelectual, social, física, estética, e ética. Outro obxectivo tamén fundamental é a súa formación no pluralismo, nos valores democráticos e no bilingüismo, favorecendo dun xeito especial aquela lingua na que o alumno posúa menos competencias e que se considera máis desfavorecida.

O noso Centro conta neste curso 2022-23, cunha matrícula de 210, entre os niveis de Educación Infantil e Primaria.

## A. AS LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS DE COÑECEMENTO DISTINTAS DAS SINALADAS NOS ARTIGOS 7º E 12º

### EDUCACIÓN INFANTIL

**Consideracións despois da ratificación do Decreto 79/2010 sobre Plurilingüismo.**

As sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data, 21 de Novembro de 2012 e posterior 28 de Novembro de 2012, anulan o punto 2 do artigo 5 e o punto 3 do artigo 12 .

Tendo en conta este importante aspecto, o noso Centro determina a continuación cal será a Lingua predominante en Educación Infantil despois de analizar os tres aspectos fundamentais para esta determinación.

- a) O resultado da enquisa ás familias.
- b) A análise da Realidade Sociolingüística da Contorna.
- c) O deber de garantir a presenza das dúas linguas cooficiais, o galego e o castelán, como linguas vehiculares da Programación anual do Centro.

Deste xeito na etapa de Educación Infantil, o profesorado, terá moi en conta na clase, as recomendacións que se inclúen no Proxecto de Fomento do Uso do Galego, elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso centro.

O Proxecto Educativo que se traballa en Educación Infantil, está en lingua castelá, xa que se tivo en conta a lingua materna da case totalidade do alumnado. Aínda así, o proxecto de Infantil, complementase sempre cunha grande variedade de material en galego. Con todo isto, preténdese que o alumnado adquira as súas competencias lingüísticas en ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia. Tamén se introducen proxectos relacionados coa nosa cultura e tradicións. "As Mariscadoras",

"O Camiño de Santiago", "A vaca", etc.

No referente á intervención do profesorado especialista, impártense en Galego, as áreas de Relixión e Psicomotricidade.

### \* EDUCACIÓN PRIMARIA

En Educación Primaria, no noso centro, garántese o establecido para esta etapa no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

#### Áreas que se imparten en Galego

a.- Área de Ciencias Sociais

b. Area de Ciencias da Natureza

c.- Área de Lingua Galega

- Ademais, impártense en lingua galega as áreas seguintes:

\* Relixión

\* Educación para os Valores Sociais e Cívicos

\* Educación Física

\* Educación Artística

\* Novas Tecnoloxías ( Informática )

\* A Área de lingua estranxeira, Inglés, impártese na lingua correspondente. As explicacións necesarias que precisan apoio nas linguas da nosa comunidade autónoma, poden levarse a cabo en calquera delas, en función dos contidos.

\* Este curso, iniciouse unha sección bilingüe na área de Plástica, no primeiro nivel de Primaria. O alumnado irá así comezando a ampliar o seu vocabulario e expresións.

\* Este curso, tamén contamos cunha auxiliar de conversa en inglés, que acompañará á mestra especialista de inglés nas sesións dos niveis de Primaria. Isto vai favorecer o desenvolvemento das competencias nesta lingua.

No noso centro existe unha especialista de francés, pero non se imparte esta especialidade por non reunirmos os requisitos mínimos establecidos para o ensino da Lingua Francesa.

## B. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NA CONTORNA

### ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O EDLG, realizou a comezos de curso, unha enquisa ás familias para determinar a lingua que máis se utiliza nas diferentes situacións. O obxectivo deste estudo sociolingüístico, co obxectivo de obter un coñecemento global da situación do noso centro, ter claro o punto de partida e poder dar así, a resposta pedagóxica máis axeitada para acadar unha competencia lingüística óptima nas dúas linguas.

#### Determinación da situación sociolingüística do centro:

Para ter un bo coñecemento da realidade sociolingüística do noso centro analizamos catro índices que consideramos relevantes:

- A. O contexto sociolingüístico do centro.
- B. A situación do profesorado.
- C. A situación do alumnado.
- D. A situación lingüística do centro.

#### A. O contexto sociolingüístico do centro

O contexto sociolingüístico do Centro Unha vez realizada unha observación da realidade, analizadas as enquisas levadas a cabo e tendo en conta os datos obtidos, podemos concluír que non hai unha variación da situación, resultando semellante a anterior. Os datos obtidos reflicten o seguinte:

- \* A lingua que predomina nos fogares segue a ser a Lingua Castelá.
- \* A lingua que predomina na comunidade escolar é a Lingua Castelá.
- \* As linguas empregadas no Concello son o Castelán e o Galego por igual.
- \* A lingua que predomina nas entidades asociativas é a Lingua Castelá.

Todas estas premisas indícanos que o centro está inmerso nun contexto sociolingüístico con predominio do castelán. Isto levaranos a buscar estratexias para impulsar o uso do Galego.

## B. A situación do profesorado

Na actualidade imparten docencia no noso centro 21 mestres entre o profesorado adscrito ao centro a tempo completo e o profesorado que compartimos con outros centros (dúas especialistas de Relixión, unha especialista de AL e orientadora), todos e todas favoreceu a elaboración deste estudo.

\* A totalidade do profesorado ten competencias axeitadas para expresarse en galego. Aínda así hai que emprega o galego só nas materias estipuladas no currículo ou naquelas situacións evidentes. De xeito espontáneo, no patio, polos corredores, etc, adoitan empregar o castelán.

A situación no curso actual vai precisar dun reforzo para lograr que a actitude positiva cara á nosa Lingua que se manifesta, se traduza nun feito real e que o Galego se converta realmente na nosa lingua vehicular.

O profesorado está disposto a colaborar amplamente en tódalas actividades programadas no noso Proxecto Galegando.

Terá como obxectivo inculcar fundamentalmente o emprego do noso idioma **a través da Expresión Oral, tanto dentro como fóra das aulas**, sendo a ensinanza e emprego do Galego un dos sinais de identidade do noso centro.

A expresión oral en galego, debe ocupar un lugar importante nas programacións e horarios, dende Educación Infantil ata Sexto de Primaria.

## C. A situación do alumnado

### Educación Infantil

Hai un neno portugués escolarizado en 4º de EI. Dada a similitude entre a súa lingua materna e o galego e incluso o castelán, a comunicación non é difícil. De todas formas, é preciso un apoio para que acade as competencias lingüísticas axeitadas. p

e Hai outro neno francés matriculado deste mesmo nivel. As diferencias entre a súa lingua materna e as nosas linguas cooficiais son grandes, polo que precisará apoio para que poida comunicarse axeitadamente e adquira as competencias necesarias.

## Primaria

Hai unha alumna marroquí en 1º de Primaria. A nena naceu aquí, pero na súa casa e no seu entorno familiar, falan en árabe, o que fai que o teña moita falta de vocabulario e dificultades de comprensión lectora e oral.

Hai un neno marroquí en 4º de Primaria e outro neno en 5º que xa levan varios cursos escolarizados, pero aínda así tamén precisan apoio lingüístico pola mesma razón que a alumna citada anteriormente.

Hai que ter en conta que estamos a falar dun idioma moi peculiar e que non presenta ningunha similitude cos da nosa comunidade a nivel de grafías e cunha fonética tamén moi diferente.

Neste caso, botamos man das novas tecnoloxías para que sexa máis doada a comprensión e progresiva interiorización das linguas da nosa comunidade.

No curso actual non existen máis casos de alumnos con adaptacións específicas a nivel lingüístico.

## D. Situación lingüística do centro

A presenza de actividades para fomentar o Galego no centro é moi ampla, aínda que consideramos que hai que facer todo o posible por mellorar os resultados.

- O emprego da lingua galega nas documentacións administrativas, no rotulado do centro, notas dos taboleiros,... é pleno.
- O emprego da lingua galega nas relacións coa administración Educativa é pleno.
- O emprego da lingua galega nas relacións co Concello é bo.
- O emprego da lingua galega por parte do profesorado en relación coas familias é moderado. A maior parte das familias falan castelán.
- O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado no contexto curricular é bo.
- O emprego da lingua galega nas relacións co alumnado, en contextos informais é moderado.
- O emprego da lingua galega entre o profesorado é moderado.



- O emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro é moderado.
- O emprego da lingua galega por parte da ANPA adoita ser escaso.
- O emprego da lingua galega nas actividades extraescolares adoita ser escaso.
- A dotación de fondos en galego da biblioteca é moi boa.
- A presenza da lingua galega nas TIC é boa.
- Os resultados das accións do EDLG son amplos.

### ESTUDO LINGÜÍSTICO NA CONTORNA SOCIOFAMILIAR DO ALUMNADO


As cuestións que se enviaron ás familias para realizar este estudo, foron as que se aparecen representadas nas 11 gráficas que figuran a continuación.

A participación das familias foi dun 80%, polo tanto os resultados estatísticos obtidos, reflicten con pouca marxe de erro a situación actual con respecto ás linguas empregadas.


Todos estes datos recollidos, van ser un bo punto de partida que determinen as estratexias que se teñan que levar a cabo para desenvolver a competencia lingüística axeitada.

### GRÁFICAS


\* Que lingua fala habitualmente coa súa parella?




\* Que lingua fala habitualmente cos seus fillos e coas súas fillas?




\* Que lingua falan vostede, os seus fillos e as súas fillas cos avós e avoas ?




\* Que lingua fala cos demais familiares e achegados?




\* Que lingua fala cando asiste a algunha actividade deportiva ou cultural?




\* Que lingua fala nas festas da súa parroquia?




\* Que lingua fala cando vai a unha consulta médica?




\* Que lingua fala no Concello?



\* Que lingua fala co titor ou titora do seu fillo ou da súa filla?



\* Que lingua fala coas demais persoas do colexio?



## ANÁLISE E CONCLUSIÓNS SOBRE O ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

Despois de analizar os resultados das diferentes enquisas levadas a cabo na comunidade educativa chegamos ás seguintes conclusións:

\* Estase a perder en grande medida a **transmisión oral** da nosa lingua no ámbito familiar. Non se transmite de xeración en xeración, de pais a fillos, o que consideramos fundamental para a supervivencia do noso idioma. Moitos avós que falan entre eles en galego, cos netos e netas, fano en castelán.

Existe nestes casos, unha situación diglósica en relación ao Galego e o Castelán que é transmitida e que impide que os nenos e nenas respecten, queiran e valoren a nosa lingua galega na mesma medida que o fan coa lingua castelá.

\* O alumnado non adoita empregar o Galego, de xeito espontáneo nin cos pais, nin coas amizades e compañeiros e compañeiras do colexio. Emprégano moito máis co profesorado (aínda que non sempre de xeito espontáneo, moitas veces hai que forzar que se dea esta situación) tamén cos avós, posto que son na actualidade os dous colectivos que máis transmiten oralmente e dun xeito vivo, o respecto e cariño cara á nosa lingua.

\* Unha grande parte do profesorado, a pesar de ter un bo nivel e unha boa capacidade para empregar o Galego, utiliza de xeito predominante o castelán, aspecto máis salientable nas novas xeracións. Con este hábito, vaise perdendo o seu uso, a fluidez e naturalidade. Hai que loitar contra esta actitude espontánea e reflexionar para mudar o hábito.

\* A comunidade educativa que rodea ao centro é castelán falante, sobre todo á hora de comunicarse cos nenos e nenas.

\* A realidade do noso centro e contorna, coincide coa plasmada no Mapa Sociolingüístico de Galicia elaborado pola Real Academia Galega, onde se recolle que a maioría da poboación ten unha actitude favorable cara ó galego, pero esa actitude non se ve reflectida no uso habitual da lingua, cuestión en grande medida derivada da situación diglósica da nosa Comunidade Autónoma.

A administración debería de tomar tódalas medidas oportunas para seguir evitando a involución oral da nosa lingua, do contrario, o Galego deixará de ser nun futuro, non moi afastado, o vehículo de transmisión do noso patrimonio cultural, deixará de ser unha lingua viva e dinamizadora, pasando a converterse nunha lingua de estudo obrigado, pero en vías de extinción, coma se dunha lingua morta se tratase.

Nós, pola nosa parte e tendo en conta todo o anterior, propoñemos a elaboración e posta en marcha dunha serie de medidas de apoio e reforzo para un correcto uso a nivel oral e escrito da lingua galega, no noso centro educativo.

Prestaremos unha atención especial, xa que forma parte dos sinais de identidade do noso Centro, o **aspecto oral da lingua galega**, levando a cabo as actividades propostas nos Proxectos de Fomento do Galego, baixo o nome de **GALEGANDO**, coa que levamos traballando xa catro cursos.

### **C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO**

Partindo do marco legal (Decreto 79/2010 do 20 de maio, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo) e do feito, tal e como se recolle no punto anterior, que o noso centro encóntrase inmerso nun entorno fundamentalmente castelán falante, a nosa planificación lingüística vai encamiñada a acadar como obxectivo xeral unha competencia lingüística plena en ámbalas dúas linguas, respectando sempre a lingua materna do alumnado e fomentando o uso oral da nosa lingua, por atoparse en claro retroceso con respecto ó castelán.

Citamos a continuación unha serie de medidas de apoio e reforzo que redunden no fomento dunha situación lingüística o máis óptima posible:

- \* Fomentar a protección e potenciación do Galego como lingua vehicular da nosa comunidade escolar, tentando inculcar no alumnado unha actitude de respecto e cariño cara á mesma.
- \* Promover o Galego entre o profesorado do centro como lingua habitual en claustros e reunións, así coma nas comunicacións coas familias do alumnado.
- \* Potenciar o emprego do Galego por parte do profesorado, cos compañeiros e compañeiras de traballo, así coma co alumnado, tanto dentro como fóra da aula.
- \* Garantir que na etapa de Educación Infantil, polo menos, un dos ou das docentes que estean en contacto co alumnado, sexan galegofalantes de xeito habitual, e que empreguen esta lingua en tódalas interaccións co alumnado.
- \* Concienciar ao alumnado e ás súas familias, do seu papel decisivo no emprego oral do noso idioma para garantir deste xeito a súa supervivencia, rexeitando prexuízos e actitudes de diglosia. Este, será un punto que se terá moi en conta nas reunións de aula.
- \* Implicar ás familias na transmisión oral da nosa lingua aos seus fillos e ás súas fillas, facendo que sexan partícipes dos obxectivos lingüísticos que se perseguen no noso proxecto de centro.
- \* Promover que o Galego sexa máis ca unha simple materia avaliable, considerándoo como o vehículo de transmisión oral da nosa cultura e tradicións e unha dos piares da mesma. Se se perde o galego, o noso sentir galego, por derrubarse.  
*" A fala é a chave coa que abrimos o mundo", " iSe perdemos a fala, non seremos ningún!*  
( Manuel María ).
- \* Comezar a escolarización cunha ampla porcentaxe de emprego do galego para que o alumnado adquira canto antes as competencias básicas nas dúas linguas
- \* Elixir libros de texto e demais material didáctico, en galego, coidando que este proxecte unha axeitada e actualizada visión da nosa lingua.
- \* Na etapa de Educación Infantil iniciar un desenvolvemento paralelo en galego das actividades relacionadas coa lectoescritura.

- \* Utilizar o Galego nas actividades que impliquen o uso das TIC: Radio Escolar Sanguñeda, Páxina Web, Revista Escolar Xeada, Informática, etc. Actualmente, existe conexión a Internet, así como pantallas interactivas en tódalas aulas.
- \* Fomentar naquelas áreas que segundo a lei deben ser impartidas en lingua galega, non só o aspecto escrito, dando especial relevancia ao aspecto oral.
- \* Valorar os avances que o alumnado vaia acadando na utilización do galego e de xeito especial aquelas actitudes que amosen esforzo, interese e cariño cara ao mesmo.  
( A través do Proxecto de Fomento, o alumnado irá conseguindo adhesivos de golfiños de diferentes cores, en función dos avances no aspecto oral)
- \* Prestar unha atención especial á dimensión oral da lingua, levando a cabo as actividades propostas no Proxecto de Fomento do Galego: GALEGANDO - co subtítulo: Mergúllate no Galego!!
- \* Valorar e estimar a lingua castelá ,facendo uso dela en tódalas situacións comunicativas que o requiran, considerándoa unha lingua de proxección internacional .
- \* Fomentar no alumnado a expresión oral e escrita con coherencia, corrección e creatividade, nas distintas linguas nas que se exprese.
- \* Inculcar no alumnado hábitos de lectura como fonte de lecer, diversión e aventura, e como vía de formación, información e ampliación de experiencias; así como un medio de recuperación, perfeccionamento e enriquecemento das linguas.
- \* Seguir os Itinerarios lectores, coa lectura de xeito colectivo, programados no noso centro, aos que deberíamos darlle unha grande importancia.
- \* Favorecer que o alumnado de Educación Infantil inicie un coñecemento da lingua estranxeira, o Inglés, fundamentalmente de xeito oral a través da comprensión de mensaxes moi sinxelas.
- \* Valorar que o alumnado de Primaria, adquira a comprensión e reprodución de mensaxes orais a través da lingua estranxeira.

Dado que no noso colexio, as linguas que forman parte da nosa planificación lingüística son o Galego, o Castelán e o Inglés coidaremos que as tres linguas teñan o seu



momento de especial relevancia, fomentando a expresión oral en lingua galega, por atoparse en claro retroceso con respecto ó castelán.

Levarase a cabo unha avaliación sistemática do proxecto lingüístico e da súa aplicación para constatar o éxito ou non do mesmo e se é preciso reconducilo ou emendalo.

#### **D. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTAN**

Segundo a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, considérase alumnado obxecto das medidas previstas na citada orde, aquel que tendo unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, proceda do estranxeiro e posúa un descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma, o Galego e o Castelán.

\* A primeira medida que se levará a cabo será a realización dunha avaliación que nos permita coñecer a situación lingüística na que se atopa o alumno o alumna.

\* Se a avaliación inicial revela que tanto o alumno ou a alumna, como a súa familia posúen un descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma e non existe no claustro ningunha persoa que coñeza esa lingua, haberá que solicitar á administración a axuda e o apoio necesario para poder garantir que poida seguir as ensinanzas que se lle imparten.

\* Se a familia pode expresarse nunha das dúas linguas, ou nas dúas, aproveitaremos este feito para coordinarnos e levar a cabo de xeito conxunto a ensinanza da mesma.

\* Os apoios poderanse iniciar en galego ou en castelán, tendo en conta a lingua de orixe e as similitudes que posúa con unha ou outra lingua:

- Co alumnado procedente de Portugal, iniciarase a súa inmersión lingüística co Galego como primeira lingua, pola semellanza que posúe coa súa lingua de orixe e irase introducindo de xeito paulatino e co apoio e reforzo necesario a segunda lingua, o Castelán, neste caso.

- No caso de alumnado procedente de Hispanoamérica a súa inmersión lingüística realizarase en Castelán e coidarase que de xeito progresivo acaden competencias lingüísticas na segunda lingua, neste caso o Galego.

- Co alumnado que tanto el como a súa familia posúa un descoñecemento total de ámbalas dúas linguas a súa inmersión lingüística levarase a cabo na lingua predominante na aula, sempre co apoio preciso por parte dos especialistas correspondentes.

\* Será fundamental ter en conta á hora de planificar e levar a cabo estes reforzos e apoios a etapa e o nivel no que se incorpora o neno ou nena no noso centro:

- Se o alumno ou a alumna se incorpora á etapa de Educación Infantil a adaptación terá un carácter lúdico. Haberá que integralo a través do xogo, así como levar a cabo unha inmersión lingüística dentro da aula con profesorado de apoio. Se está en cuarto ou quinto curso de Educación Infantil traballarase fundamentalmente a nivel oral. Se cursa sexto de educación infantil, haberá que ir introducindo tamén a lingua escrita para que así poida iniciar o seu proceso de lectoescritura.

En todo caso, faise fundamental a realización dunha avaliación inicial a partir da cal, e conxuntamente co Equipo de Orientación, especialista de Audición e Linguaxe, especialista en Pedagogía Terapéutica e titor ou titora, se establezan as medidas oportunas que se vaian adoptar.

+ Se o alumno-a se incorpora ao noso centro na etapa de Educación Primaria haberá que adoptar medidas axeitadas tendo en conta a etapa, nivel e momento de incorporación á aula.

1º e 2º de Primaria: o apoio a levar a cabo será nun principio a nivel oral e levaranse a cabo apoios de lectoescritura de xeito coordinado entre a titora e o profesorado especialista correspondente e sempre respectando o ritmo de aprendizaxe individual do alumno ou alumna. Existe no noso centro un programa específico de apoio á lectoescritura neste primeiro ciclo de primaria.

3º e 4º de Primaria : unha vez analizadas as competencias lingüísticas do alumno/a e sempre que este acade os obxectivos do 4º nivel, procederase á súa integración no nivel que lle corresponda. No caso de que non estean acadados os obxectivos, iniciarase neste, cos apoios do profesorado correspondente en coordinación co titor ou coa titora.

5º e 6º de Primaria : debido ao nivel de madurez do alumno ou alumna, os obxectivos dos anteriores niveis considérase que serán asimilados dun xeito máis rápido, polo que poderán ser acadados globalmente os obxectivos de ámbolos dous ciclos.

De tódolos xeitos será obxectivo prioritario o desenvolvemento da expresión oral e a riqueza léxica, considerándose secundarios todos aqueles aspectos morfosintácticos que conforman o noso idioma e que non consideramos fundamentais na Educación Primaria.

## RECURSOS

- \* Mapas políticos e físicos de Galicia e España, para que o alumno ou a alumna se oriente a nivel espacial e lingüístico .
- \* Murais co alfabeto en ámbalas dúas linguas para a súa aprendizaxe, asimilación e análise de semellanzas e diferenzas entre os fonemas.
- \* Murais con vocabulario básico de dominio do alumno : a escola ,a casa , a rúa , os xoguetes, os xogos, os oficios etc.
- \* Material lúdico didáctico en galego e castelán.
- \* Cancións populares de tradición oral ,facendo fincapé naquelas relacionadas co noso folclore galego.

- \* Literatura infantil e xuvenil, en galego, castelán, e inglés. ( Neste curso tamén é interesante contar con algúns libros en chinés, árabe, alemán, portugués e francés.
- \* Películas diversas encamiñadas a enriquecer o vocabulario básico do alumno nas tres linguas reflectidas no Proxecto.
- \* Programas e xogos informáticos, que tan boa acollida teñen entre o alumnado.
- \* Material lúdico didáctico en Inglés.

### ADDENDA curso 2022-2023

#### Decreto 79/2010.

#### Resultados das enquisas sobre a lingua materna en Educación Infantil.

A día de hoxe neste nivel, están matriculados 18 alumnos e o resultado das enquisas é o seguinte:

- Enquisas entregadas no centro.....	12
- Galego - lingua materna.....	0
- Castelán - lingua materna.....	10
- Castelán e Galego .....	1
- Castelán e francés.....	1

Polo tanto, a lingua maioritaria entre o alumnado deste nivel de Infantil, é o castelán, e será a lingua predominante durante todo o segundo ciclo de Educación Infantil, incorporando pouco a pouco a nivel oral a lingua Galega, axustándose deste modo ao noso PEC, como queda reflectido nos sinais de Identidade do Centro e no noso Proxecto de Plurilingüismo aprobado pola Inspección educativa correspondente.

Como indica a lexislación vixente, todo este tratamento lingüístico, levarase a cabo sen prexuízo da consideración da realidade sociolingüística do contorno, así como tendo sempre en conta unha atención individualizada a cada alumno na súa lingua materna, procurando introducir a NIVEL ORAL e de xeito progresivo as estruturas lingüísticas da outra lingua cooficial, o Galego, garantindo de tal xeito a

presenza de ámbalas dúas linguas cooficiais, como linguas vehiculares no desenvolvemento curricular do noso centro

### **Conclusión.**

O profesorado que imparta clases nos niveis de Educación Infantil, terá sempre en conta esta realidade, para que o proceso de ensinanza - aprendizaxe, sexa o máis óptimo posible, e a través do cal, o alumno adquira as competencias axeitadas a cada nivel, en ámbalas dúas linguas oficiais. Procuraremos que nesta etapa, haxa algúns docentes galego falantes que estean en contacto co alumnado para ir introducindo progresivamente a NIVEL ORAL, o vocabulario básico da nosa lingua, a través dun método lúdico -didáctico axeitado a estas etapas educativas.

### **Linguas estranxeiras**

Este curso, como xa comentamos ao principio, houbo un cambio substancial con respecto ao primeiro nivel de Primaria. Acolléndonos á Orde do 12 de maio de .2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario, creouse unha Sección Bilingüe na área de Plástica, para o nivel de 1º de Primaria.

Compartimos a opinión da Comisión Europea, en relación a que o ensino en inglés, de contidos dunha materia non lingüística, vai xerar un cambio de mentalidade sobre aquelas formas máis efectivas de adquisición dun idioma. Estase a levar a aprendizaxe do idioma, a un contexto diferente ao da sesión de inglés, o que vai contribuír a que se normalice o seu uso.

A área de Plástica, abarca moitos campos semánticos e resulta motivadora, favorecendo deste xeito, as situacións de comunicación .

O alumnado vai ver aumentado o seu tempo de contacto co inglés, reforzando e adquirindo novo vocabulario e estruturas da lingua estranxeira.

O alumnado de Primaria, vai contar ademais en tódolos niveis, por primeira vez no centro, cunha Auxiliar de Conversa que acompañará á mestra especialista de

Inglés, nas súas sesións. O alumnado pode ter así outro referente que favoreza a inmersión lingüística.

Na etapa de Educación Infantil, continúaase co programa de anticipación de lingua estranxeira ,Inglés, que segue a ter moi boa acollida.

### **Información e valoración das actividades de fomento do EDLG**

As actividades levadas a cabo para fomentar o uso do Galego, tanto a nivel escrito como a nivel oral, consideramos que resultaron moi enriquecedoras.

Case a totalidade das actividades, estaban programadas para ser levadas a cabo por tódolos niveis do centro, variando a presentación e o nivel de dificultade.

Houbo en todo momento, moita colaboración de todo o profesorado, así como dos demais equipos de traballo do centro. A coordinación cos equipos de Biblioteca e Radio Escolar, levando a cabo proxectos en común desde diferentes perspectivas, resulta moi favorecedora.

As actividades que se programaron para o presente curso, aparecen detalladas no Proxecto de Fomento do uso do galego, *GALEGANDO*, un proxecto plurianual, comezado xa no curso 2011-2012. Algunhas das actividades, seguen a ser as que vertebran todo o proxecto ao longo de todos estes cursos.

Damos importancia ao nivel escrito da lingua galega, pero se cabe, poñemos moito máis empeño en que coas actividades que se realicen, se traballe moito o aspecto oral, xa que o noso alumnado na súa contorna social, teno moi pouco traballado, e estase perdendo por completo, sendo cada curso que pasa aínda moito máis significativo.

Como xa se recolle no noso proxecto, poñemos en marcha novas actividades e seguimos levando a cabo aquelas que se veñen facendo dende cursos anteriores e que teñen boa acollida e bos resultados. Citaremos a continuación algunhas delas:

- \* Visita ás aulas de Gale e Gala (alumnado de sexto de Primaria) ao longo de todo o curso, para presentar actividades, novas, festas escolares, entregar material, etc.
- \* Celebración de festas escolares relacionadas coa cultura e tradición da nosa comunidade galega - Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas-
- \* Realización dun certame literario: Xogos Florais.
- \* Elaboración da Revista escolar Xeada.
- \* Cadernos Xeada sobre un entroido galego que se traballe en "Correr o Entroido"
- \* Cóntocho en galego, para favorecer a expresión oral.
- \* De aula en aula. Alumnado dunha clase, vai contar un conto, ler poesías ou calquera outra actividade que se poida compartir.
- \* Radio escolar, en tódolos recreos. Cada aula elabora dous programas ao longo do curso. Están ademais as diferentes seccións e os programas especiais.
- \* Traballo fin de etapa de Infantil e Primaria.
- \* Saídas pedagóxicas, relacionadas coa paisaxe, cultura e tradicións de Galicia
- \* Actividades de colaboración co Concello e coa contorna.
- \* A nosa música.
- \* Divertíndonos co galego.
- \* A lectura creativa. Itinerarios lectores para cada nivel e introdución á lectura con libros electrónicos en 4º de Primaria.

Esperamos que este grande abano de actividades, dinamizadoras, cun perfil moi lúdico e moitas delas relacionadas co mundo das novas tecnoloxías, que tanto engancha ás novas xeracións, sirvan para acadar os nosos obxectivos propostos con respecto ao uso oral do galego, e que contribúan dalgún xeito á revalorización da nosa lingua.

Pensamos que se os nosos nenos e nenas, coñecen, usan e respectan a nosa lingua, será un paso moi importante para poder mantela viva.

Este Proxecto Lingüístico foi aprobado polo Claustro con data 28 de Setembro de 2022 e polo Consello Escolar con data 11 de outubro de 2022 .

Visto e prace da directora

  
Mª Jesús González Puga

Coordinadora do EDLG

  
Mª Luz Carballo Gaspar